

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0260	Mecanizado básico	2023/2024	4	107	128

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ÓSCAR PITA CORRAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

### Obxectivos Xerais:

- Seleccionar as máquinas, utensilios, ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na área de electromecánica.
- Saber realizar o mantemento básico das máquinas utensilios, ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na área de electromecánica.
- Realizar esbozos e os cálculos necesarios para efectuar operación de mantemento.

### Competencias Profesionais:

- Seleccionar os procesos de reparación, interpretando a información técnica incluída en manuais e catálogos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Magnitudes, unidades e útiles de medidas.	Coñecer a metroloxía así como as unidades de medida.	20	16
2	Representación, tornillos e técnicas do roscado.	Debuxo técnico, tornillos e técnica do roscado.	25	19
3	Metáis e aleacións.	Coñecer os metáis así como a súa aplicación no automóvil.	8	6
4	Trazado, limado e tradeado.	Coñecer o mecanizado a man e a máquina.	35	28
5	Soldadura.	Coñecer os tipos e os proceso de soldadura.	40	31

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Magnitudes, unidades e útiles de medidas.	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	NO
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realízase o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.
CA2.2 Descríbiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.
CA2.3 Descríbense os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.
CA2.5 Realizáronse cálculos de conversión de medidas entre o sistema métrico decimal e o anglosaxón.
CA2.6 Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas.
Operacións de trazado.
Magnitudes e unidades.
Instrumentos de medida directa.
Aparellos de medida por comparación. Apreciación dos aparellos de medida.
Teoría do nonius.
Tipos de medida.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.

Contidos

Medición de roscas.

Procesos de execución de roscas.

Máquinas de tradear.

Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.

Brocas: tipos e partes.

Proceso de tradeadura.

Escareamento.

Clases de parafusos.

Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.

Sistemas de roscas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Representación, tornillos e técnicas do roscado.	25

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondentes.	SI
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	NO
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	NO
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Representáronse a manalzada vistas de pezas.
CA1.2 Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.
CA1.3 Utilizouse a simboloxía específica dos elementos.
CA1.4 Reflectíronse as cotas.
CA1.5 Aplicáronse as especificacións dimensionais e as escalas na realización do esbozo.
CA1.6 Realizouse o esbozo con orde e limpeza.
CA1.7 Verificouse que as medidas do esbozo correspondan coas obtidas no proceso de medición de pezas, elementos ou transformacións para realizar.
CA2.4 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA3.2 Identificáronse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.
CA4.1 Describiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.7 Selecionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguiuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Describíronse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Debuxo técnico básico.
Normalización de planos.
Simboloxía: normalización.
Planta, alzado, vistas e seccións.
Cotación.
Técnicas de esbozamento.
Operacións de trazado.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.
Medición de roscas.
Procesos de execución de roscas.
Máquinas de tradear.
Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.
Brocas: tipos e partes.
Proceso de tradeadura.
Escareamento.
Clases de parafusos.
Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.
Sistemas de roscas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Metáis e aleacións.	8

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	NO
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Trazado, limado e tradeado.	35

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	NO
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	NO
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Seleccionáronse os útiles necesarios para realizar o trazado das pezas e efectuouse a súa preparación.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA2.9 Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.
CA3.3 Clasifícanse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.
CA3.4 Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar.
CA3.5 Determinouse a secuencia de operacións necesarias.
CA3.6 Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.
CA3.7 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.
CA3.8 Déronselle á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).
CA3.9 Efectuouse o corte de chapa con tesoiras previamente seleccionadas en función dos cortes.
CA3.10 Respectáronse os criterios de calidade requiridos.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca ( ángulo de corte, destalonamento, etc.).

**4.4.e) Contidos**

Contidos
00Operacións de trazado.

Contidos

O trazado na elaboración de pezas.

Obxecto do trazado, fases e procesos.

Útiles do trazado.

Obxecto da limadura.

Uso e tipos de limas atendendo á súa forma e ao seu picado.

Técnicas de limadura.

Corte de materiais con serra de man.

Follas de serra: características e tipos; elección en función do traballo que se vaia realizar.

Operacións de serraxe.

Corte con tesoiras de chapa: tipos de tesoiras.

Procesos de corte con tesoiras de chapa.

Normalización e representación de roscas.

Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.

Medición de roscas.

Procesos de execución de roscas.

Máquinas de tradear.

Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.

Brocas: tipos e partes.

Proceso de tradeadura.

Escareamento.

Clases de parafusos.

Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.

Sistemas de roscas.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Soldadura.	40

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realízase a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecciónase o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecciónáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecciónáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.
CA5.8 Descríbense os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.

**Contidos**

Preparación do metal base.

O estaño.

Procesos de execución de soldaduras.

Conformación de metais

Unión de metais.

Tolerancias de medidas.

Mantemento de ferramentas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva do módulo son os reflectidos no apartado 4c, de tal xeito que o alumno-a, deberá superar cando menos estes mínimos.

Criterios de cualificación:

A grandes resgos, o curso dividirase en 5 unidades didácticas: Estudo de materiais metálicos, Metroloxía, Debuxo técnico, Técnicas de mecanizado: afiado, serrado, limado, taladrado, rosacado, torno, técnicas abrasivas, .... e Soldadura.

1. Ó remate de cada unha ou de varias unidades didácticas (segundo o profesor o estime oportuno) poderá haber:

a) Unha proba escrita. O número de preguntas de dita proba queda a decisión do profesor. A nota para aprobar cada unidade didáctica será de 5. As datas de estas probas poderán ser postas polo alumnado co visto e prace do profesor, pero en caso de que isto non ocorra ou as datas non sexan as axeitadas (segundo o criterio do profesor) serán postas polo este quen terá sempre a derradeira palabra.

b) Unha proba práctica por cada unidade didáctica. **IMPÓRTANTE:** non se poderá pasar á seguinte práctica sen antes non ter remata a anterior, deixándoa en condicións óptimas para o seguinte grupo así como a ferramenta e equipos necesarios para a mesma.

2. Para a superación de cada unidade didáctica teranse en conta os coñecementos teóricos e a correcta realización das prácticas correspondentes. No desenrolo das prácticas teranse en conta aspectos como: orde, resolución final, tempo empregado, entendemento da práctica, conclusións finais, correcto emprego dos medios necesarios, actitude de cara a resolver problemas durante a práctica, etc... O peso de cada un dos aspectos anteriores, será proporcional á dificultade de cada práctica e serán estimados polo profesor.

3. Haberá unha cualificación correspondente a cada trimestre. A cualificación de este trimestre será un número sen decimais comprendido entre o 1 e o 10. Dentro de esta nota están englobado todo o comentado ata o momento.

4. Non haberá, debido á grande cantidade de materia e ao pouco tempo dispoñible para o módulo, recuperacións de unidades didácticas nin de avaliacións ó longo do curso. A recuperación destas unidades didácticas faranse nas datas da avaliación final de marzo.

5. Cando na avaliación concorran varias unidades didácticas, cabe a posibilidade de que un alumno/a suspenda a avaliación, pero sin embargo poidera aprobar algunha das unidades que integran dita avaliación. En un principio as unidades didácticas aprobadas seranlle gardadas de cara as probas finais de marzo.

6. Nas probas finais de marzo, os alumnos-as iran so coas unidades didácticas que non fosen quen de superar ao longo do curso, a non ser que o profesor estime que deban presentarse con toda a materia. Esta estimación estará baseada en aspectos como a actitude do alumno-a fronte a o módulo, capacidade de resolución de problemas, faltas de asistencia a o longo do curso, orde e limpeza á hora de realizar os traballos, ríspeto ao docente e aos compañeiros, etc...

7. Os tipo de probas a realizar poderán ser escritos, orais, prácticos ou mixtos deixando esta elección na man do profesor. A organización de ditas probas de recuperación serán organizadas polo profesor: número de preguntas no caso de probas escritas e/ou orais, número de probas prácticas, tempo adicado a cada proba práctica, , etc...

8. De calquera xeito, aínda que todas as unidades didácticas estean superadas, será condición sinecuanon o ter feito e entregado todos e cantos exercicios e traballos lle sexan marcados polo profesor, así como ter todas as practicas rematas en ben feitas e o material, medios e ferramenta disposto para iso en correcto estado de revista.

9. A nota para aprobar cada unidade didáctica deberá ser de un 5 como mínimo. As notas inferiores ao 5, implican suspenso.

10. No caso de ter aprobadas todas a unidades didácticas, a nota final non terá por que ser a media aritmética das unidades didácticas. Esta nota final poderá ser maior ou menor desta media, segundo o profesor o estime oportuno, baseándose en aspectos tales como a actitude do alumno-a fronte a o módulo, orde e limpeza á hora de realizar os traballos, ríspeto ao docente e aos compañeiros, etc...

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. O alumno-a que fose quen se superar durante o curso as probas escritas e prácticas marcadas para cada unha das unidades didácticas e a presentación traballos, etc... que fosen marcados polo profesor, terá aprobado o módulo e non terá que asistir ao exame final de xuño,
2. O alumno-a que non supere algunha unidade didáctica a o longo do curso, en xuño deberá facer un exame e/ou proba práctica de recuperación

de ditas unidades didácticas.

3. En principio, o alumno-a só terá que presentarse ás probas finais ordinarias coas unidades didácticas pendentes (en diante materia pendente). **IMPORTANTE:** si o docente así o estimara oportuno, poderá esixirlle ao alumno-a examinarse de toda a materia impartida ao longo do curso. Esta estimación do profesor será aplicada a cada alumno de forma individual, dependendo de criterios como: a asistencia ás clases durante o curso, nivel medio de coñecementos alcanzados, desenvolvemento no taller á hora de afrontar problemas, cualificacións obtidas durante o curso, actitude amosada fronte ao módulo, rispeto e obediencia amosado ao docente e a os compañeiros, coidado do material empregado no módulo así como ás instalacións, orde á hora de realizar os traballos, etc...

4.- Durante a realización das prácticas non se poderá pasar á seguinte práctica sen antes non ter remata a anterior, deixándoa en condicións óptimas para o seguinte grupo así como a ferramenta e equipos necesarios para a mesma.

5.- As probas finais poderán ser escritas, prácticas, orais ou mixtas. A elección do tipo de proba será prerrogativa do profesor do módulo así como a temporalización das probas.

6. As datas para estas probas finais ordinarias e extraordinarias, xunto coa materia a recuperar de cada alumno, serán comunicadas na clase e publicadas nos taboleiros de anuncios do taller e do centro días antes do comezo das mesmas.

7.- **IMPORTANTE:** No caso de non asistencia ás clases, non se avisará a ningún alumno-a de forma individual das datas e contidos das probas. Deberán ser istos os que amosen interés en vir ao centro a informarse.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

1. Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son os reflectidos no apartado 4c, de tal xeito que o alumno-a, deberá superar cando menos estes mínimos.

2. Segundo establece a normativa vixente fixase que o número máximo de faltas por curso que un alumno poderá deixar de asistir a cada módulo profesional para ter dereito a ser avaliado polo procedemento ordinario non poderá ser superior o 10% da duración do módulo, sempre e cando ditas faltas estean sen xustificar debidamente. De este xeito a este módulo correspóndelle un número de 12,8 sesións. De calquera xeito, o alumno-a será apercibido-a cando o número de faltas inxustificadas supere o 6%.

3. As notificacións tanto do apercibimentos como da perda do dereito á avaliación continua, poderán ser notificados por escrito e con acuse de recibo tanto a os pais ou titores legais como a o propio alumno-a, a non ser que o alumno-a estea independizado-a a todos os efectos. Nese caso só se lle notificará ao alumno-a.

4. Para a xustificación das faltas so se admitiran xustificantes por escrito e de carácter oficial: xustificantes médicos, de asistencia a exames, asistencia as oficinas do INEM, etc... Nestes xustificantes deberá reflexarse o día, o motivo e o intervalo de tempo nas que o alumno-a estivo en ditas instalacións.

5. No caso de que as ausencias superasen sin motivo xustificado o porcentaxe do 10%, dará lugar a perda de avaliación continua do alumno. Nembargantes, o alumno/a poderá asistir as clases ordinarias teóricas e prácticas seguindo o seu criterio e/ou as súas condicións persoais, pero non poderá esixirlle ao profesor a explicación de materia non recibida debido á ausencia, nin a realización de novas prácticas que interrompan de calquera xeito o normal desenrolo tanto teórico como práctico dos resto dos alumnos/as.

6. No caso das clases prácticas, o alumno-a seguirá coa práctica que estivese a facer e que teña sin acabar, ata que a remate antes de pasar á seguinte.

7. Os alumnos-as que perdan o dereito a avaliación continua, deberán facer unha proba dos seus coñecementos teóricos e prácticos. Os contidos de esta proba será de toda a materia reflectida na programación para o módulo no apartado de contidos mínimos. Esta proba poderá ser: teórica, práctica, oral ou mixta.

8. A data/s de dita proba/s será/n notificada/s a os alumnos/as por medio do taboleiro da anuncios do taller e do centro con tempo suficiente, e non terán porque coincidir coas datas das probas finais ordinarias e extraordinarias do resto dos alumnos/as. De este xeito, si o docente así o estimase oportuno, ditas probas poderán ser durante varios días, de maña, de tarde, etc...

9. No caso de que ditas probas fosen avaliadas positivamente con un 5, o alumno superaría o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O profesor informará ao xefe do departamento, nas reunións ao efecto, de como leva a programación e a práctica docente en canto á súa temporalización, necesidades atopadas, etc... Con esta información, trimestral, o xefe do departamento emitirá un informe á xefatura de estudos con istos resultados por módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

NAs dúas primeiras semanas de clases, realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de determinar o grao ou nivel de preparación do alumnado e así poder adecuar os contidos os seus coñecementos.

Utilizarase para valorar habilidades, destreza, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos o comenzalo curso. Coñecida esta situación de partida, o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumnado.

Como instrumento de avaliación, emprégase a observación directa as primeiras semanas do curso, con debates e formulación de preguntas e a realización dunha proba escrita tanto de temas relacionados cos módulos como coñecementos xerais.

En calquer caso a avaliación inicial non terá un valor de cualificación, terá un valor únicamente informativo e de carácter reservado, utilizándoa para posteriores formacións de grupos de traballo, atención especial a alumnos que mostran ter algún tipo de carencia, etc.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de que se detectara que un alumno-a non fose quen de superar o módulo por causas alleas ao estudo, interese, actitude, etc... , recomendaríase que optara por ir superando unidades didácticas pouco a pouco, aínda que iso lle implicase a permanencia no centro por máis anos, sempre en beneficio do alumno.

2. Neste caso, ao alumno-a que estivese nesas circunstancias, rebaixaríase o nivel esixido de tal xeito que este fose quen de ir pouco a pouco quitando adiante o módulo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Valorarase a aptitude positiva e as ganas de aprender, o respecto os compañeiros e as instalacións e o coidado do material así como o respecto a o medio ambiente.

Os primeiros días farase unha pequena introdución recalcando o referente a orde, respecto, puntualidade e os coidados xerais das instalacións.

Educación ambiental, inculcando ó alumnado a responsabilidade no tratamento de residuos así como a importancia da redución das emisións contaminantes.

Educación para o consumidor, informando ó alumno da situación do mercado e de prezos.

Educación para igualdade, inculcando ó alumno o compañerismo e o respecto a convivencia dentro dun grupo.

Educación para a saúde, inculcando ó alumnado as normas de seguridade e hixiene no traballo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

1. As actividades complementarias serán aquelas de intenten mellorar os coñecementos do alumno en todas as súas facetas: tanto persoais como profesionais.
2. Deste xeito o alumno fará traballos en grupo e traballos persoais: traballos como os de de recadar información de prezos e baremos nas empresas, desenrolo de traballos sobre certo tipo de tecnoloxías que non existen no centro pero que si existen no mercado, etc...
3. Tamén se intentará na medida do posible levar os alumnos a feiras, mostras, fábricas, talleres, ... relacionados co sector para que deste xeito alcance unha cultura profesional máis completa. Por outra banda, intentarase que os alumnos participen en " competicións " específicas convocadas por empresas do sector, para a súa motivación e o seu currículo persoal.
4. As actividades extraescolares organizadas polo departamento, terán a mesma consideración que unha clase normal, e poderán ser avaliadas do mesmo xeito de cara a obtención do aprobado do módulo.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Normas de convivencia:

- 1.- A vestimenta empregada no módulo será:
  - a) Nas clases de teoría: non se poderán vestir gorras, panos da cabeza, gafas de sol, ou calquera prenda que non deixe ver a cara. No resto do corpo a vestimenta será en todo momento a correcta empregada pola maioría da sociedade nos actos públicos, non podendo asistir en chanclas, bañador, sen camiseta, etc...
  - b) O buzo ou tarefa para as clases prácticas seralle proporcionado o alumnado de 1º de forma gratuita polo departamento. Este buzo deberá, en condicións normais, durar os dpous anos do ciclo. Se necesitale repoñelo, sería por conta do alumno-a.
  - c) Nas clases de prácticas: todos os alumnos-as deberan acudir as mesmas co mesmo buzo ou tarefa en bo estado de: cremallera, botóns, limpo, sen rotos, e da talla axeitada. Non se poderán realizar as prácticas con roupa que desentoe co resto dos alumnos: fosforita, reflexiva, etc...
2. Dito buzo ou tarefa, deberá ser levado a lavar á casa cada venres e retoralo ó luns seguinte á primeira hora en perfecto estado de revista.
3. Cada alumno-a será responsable da roupa que se lle entrega a comezo do curso, para de este xeito poder devolvela ao remate de cada curso ao titor en perfecto estado si deste xeito así o estimases o departamento, a non ser que concorran causas como extraordinarias como o roubo por persoas alleas ao centro, etc... En caso contrario o alumno-a debera aboar dita roupa ao titor ao remate do curso.
4. O non cumprimento das normas anteriores sobre a vestimenta, implicará que o alumno-a non poida asistir as cases do módulo sexan teóricas ou prácticas segundo o caso.
5. Cada alumno-a debera traer con carácter propio: un calibre en bo estado, así como gafas de protección, luvas e botas de seguridade.
6. Este material poderá gardalo na taquilla que se lle entregara a comezo do curso. Dita entrega farase coa chave de dita taquilla. Esta, terá carácter persoal, non podendo ningún en condicións normais abrila ou inspeccionala. No momento da entrega da chave da taquilla polo profesor, cada alumno-a deberá aboar, en concepto de depósito, 10 euros. EN caso contrario perderá o dereito á taquilla, debendo traer e levar diariamente as súas cousas. Este depósito servirá para cubrir posible danos na taquilla ou para repoñer algunha ferramenta que poida faltar. Ao remate do curso, arrexglaránse as contas cos alumnos-as. En condicions normais, este depósito seralles devolto.
7. Ao remate do curso, o alumno-a devolveralle a chave ao titor, deixando a taquilla limpa, coa porta aberta e no estado no que lle foi entregada.
8. No caso de ter que realizar prácticas no taller e non ter o a vestimenta e o material reflectido nos puntos anteriores , o alumno non poderá permanecer no taller debendo abandoalo. Isto implicaralle una falta de asistencia. No caso de ser menor de idade, nas clases de teoría mandarase a xefatura de estudos e nas clases prácticas permanecerá na aula realizando traballos ou estudando materia referida ao módulo.
9. En canto ao uso do teléfono móbil, poderá usarse sempre e cando o seu emprego entre dentro na normalidade e o seu uso quede reservado a

emergencias ou comunicacións referidas ao módulo.

10. En canto a os produtos de hixiene persoal, istos serán individuais. Cada alumno-a, deberá traer unha toalla e o xabón que prefira para a súa limpeza. Non se poderá empregar papel de limpeza para secar as mans. A toalla, ao igual que o buzo, deberá ser levado cada semana a lavar á casa. No caso de no ter toalla para secar as mans non se poderá entrar no servizo a lavarse.

11. Ao comezo do curso o profesor proporcionalle ao alumno-a a ferramenta necesaria para a realización das prácticas correspondentes. Dita ferramenta será o alumno-a o responsable de limpala e recollela diariamente e velar por que non desapareza. O profesor proporcionará para este control un tempo de uns 15 minutos antes do remate de cada clase.

12. O profesor reservase a inspección do estado e da existencia da ferramenta no momento-s que estime oportuno-s ó longo do curso.

13. No caso de que falte algunha ferramenta, darase un prazo de 24 horas para que apareza. En caso contrario o alumno o alumnos deberán repoñer a ferramenta que falte de marca similar á existente nun primeiro momento. Si logo aparece dita ferramenta, esta será propiedade do alumno-s que a mercaran.

14. No caso de que unha ferramenta ou útil se estrague durante a súa función deberáselle comunicar ao profesor. Non habendo mías responsabilidade por parte do alumno-a.

15. O alumno poderá pedir prestada unha ferramenta portátil ou algún tipo de información para a súa utilización durante o fin de semana, e só para a realización de traballos persoais relacionados co automóbil. Será prerrogativa do profesor proporcionar ou non dito pedimento en base a ao seu parecer.

16. En caso de empresto, o alumno-a deberá devolvela o luns seguinte a primeira hora preferentemente ó profesor que lla prestou ou a outro membro do departamento.

17. Queda terminantemente prohibido entrar ou permanecer nas seguintes dependencias sen o consentimento expreso do profesor: despacho dos profesores, servizo dos profesores, departamento de información e no taller de diesel.

18. Non se entregarán boletíns de notas a calquera alumno-a que:

- a) Non entregue ou aboe a roupa de traballo entregada polo centro nas condición reflectidas anteriormente se fose o caso.
- b) Non aboe a ferramenta existente ao comezo do curso debido a negligencia, extravíos ou roubos por parte de alumnado do centro.

## 10.2) Caso de novos confinamentos

No caso de ter que levarse a cabo novos confinamentos,, a materia a impartir será somente a teórica mediante a aula virtual. Neste caso, se mandará estudar as distintas UD ó alumno, e logo se aclararán as preguntas que surxan. Debido, neste caso á imposibilidade de realizar as prácticas, estas quedarán sin facer.